

Sendo as 18:30 do día **17 de setembro de 2025** reúne-se en sesión ordinaria o Consello Escolar do CEIP de Pedrouzos-Brión, coa ausencia de María Guarina Rey Vázquez e Xosé Ares, cos seguintes puntos:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

2. Organización de centro.

3. Servizos complementarios.

4. Rolda de intervencións.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Apróbase coas abstencións pertinentes.

2. Organización de centro.

Infórmase da situación do centro. En canto a número de alumnado, en Educación Infantil hai 73 alumnos, 6 mestres/as (5 titores/as e unha mestra de apoio) distribuídos en 5 aulas, ademais das aulas das especialidades: psicomotricidade, música, arts e inglés. En Educación Primaria conta con 19 unidades e cun total de 383 alumnos/as.

Coméntase o apoio recibido por parte do equipo docente, familias e Concello. Con este último a colaboración foi importante antes do inicio de curso no referente ás melloras e reformas solicitadas por parte do novo equipo directivo. Ensínaselles aos membros do consello as melloras e obras solicitadas e as realizadas por parte do concello, valorando de forma positiva o labor realizada no centro.

Solicítaselle ás familias, ANPA, axuda e ideas para cubrir a parte baixa dos corredores, recentemente pintados, para que non se ensucien. Suxíren PVC, vinilo, etc.

En relación ao campamento de verán (Servizos Sociais do Concello), infórmase da mala situación que deixaron o centro. A dirección elaborou un escrito cos diferentes desperfectos e enviouno ao Concello para que a empresa contratada, encargada de levar a cabo este servizo, repaña os desperfectos. Estase á espera dunha resposta por parte do Concello.

Coméntase as novidades na organización do centro. Realizouse un cambio nas entradas; o alumnado entra ás 9:35 de forma escalonada (entran directamente as súas aulas), tanto o alumnado que utiliza o servizo de transporte como o que ven coas familias. Isto supón unha maior organización e un maior horario lectivo. En canto ás saídas, as familias poden entrar ao centro a recoller aos seus fillos/as. O alumnado de 1º, 2º e 3ºEP sae pola porta principal e 4º, 5º e 6ºEP pola porta en fronte aos bombeiros.

O horario do profesorado adiántanse ás 9:30 horas.

No referente á comunicación coas familias e uso de diversas plataformas web, matízase que a dirección só é responsable dos servizos xestionados e respaldados pola Consellería de Educación, tal e como o fixo saber no claustro.

Coméntase as liñas prioritarias do equipo directivo:

- Inclusión: mediante patios inclusivos. Buscarase alternativas aos xogos relacionados coa inclusión.
- Educación emocional: comezando nos primeiros cursos.
- Matemáticas: levarase a cabo formacións por parte do profesorado, para poder traballar de forma manipulativa e incidindo no cálculo.

En canto ao proxecto do centro, o xogo será o eixe motor.

Os proxectos que se realizarán serán os seguintes:

1º ciclo: Educación emocional

2º ciclo: invernoiro

3º ciclo: educación en igualdade e sexual, acceso ás redes.

Coméntase que a ANPA ofertou uns talleres con esta temática para a realización no centro.

EN IGUALDADE... HAI MOITO QUE FACER!”

No referente aos servizos complementarios, infórmase dos usuarios que fan uso do servizo, sendo uns 345, máis 12 colaboradores/as en educación infantil e 11 en primaria.

Un membro do consello propón que sería importante dar formación para actuar ante o alumnado disruptivo, ou ben educación emocional ás familias.

A dirección comenta que traballará en elaborar os procedementos e protocolos de actuación ante estas situacións.

Tamén informa que a ANPA realizará un curso de 1º auxilios e invita aos colaboradores/as de comedor a asistir. Acórdase mercar un succionador para posibles atragoamentos.

Os programas que se van a solicitar son o plan director, club de lectura, radio na biblio, educación ambiental, proxecta plus, xogade, etc.

A dirección fai fincapé na fluída relación coa ANPA en canto ao traballo conxunto e ás propostas de talleres e charlas para realizar no centro.

E para finalizar, trátase o tema do orzamento de 2025. O novo equipo directivo fará un orzamento de xullo a decembro.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 19:40h.

V. e pr. A directora

A secretaria